

Hai unhas semanas, un espectador que asistira a unha representación do musical *Hair* en Barcelona presentou unha denuncia por vulneración da recentemente aprobada normativa sobre a restrición de fumar en lugares pechados. A sensibilidade epidémica deste espectador fronte esa suposta infracción –fícou demostrado que os actores fan ver que fuman, queimando cigarrillos de herbas– vai en paralelo a unha limitación cerebral por esquecer que ese musical reflicte a traxectoria dos hippies, que fixeron do porro unha bandeira de transgresión.

As lexislacións contra o tabaco, se ben procuran a saúde dos ciudadáns, contén unha censura á hora de reproducir a realidade. Obviamente, se unha película española sitúa unha acción do 2011 en adiante, nos bares non se fumará. Porén, nos espazos abertos ou na intimidade doméstica, será posible que os personaxes fumen? Ou ben iso será considerado unha incitación ao tabaquismo?

O fume de tabaco é un elemento básico na historia do cine. Xa que logo, se falamos de películas de cine negro, como esquecer a habelencia de Humphrey Bogart para sostener un pito na comisura dos berces, como en *Casablanca* (Michael Curtiz, 1942)? Ou aqueleiros que, como detective Sam Spade, liában en *O falcón maltés* (John Huston, 1941), tirando o tabaco dun saquín. Ou aínda, e nun rexistro ben distinto, os que prendían e botaba de inmediato John Wayne en *O home tranquilo* (John Ford, 1952)?

Naturalmente, a presenza do tabaco nas películas non era casual. Industria ao cabio, o cine aceprou a promoción das tabaqueiras para que incorporase a imaxe do fumador. De feito, as películas nacearon nos mesmos anos que os cigarros manufacturados. E xa en 1927 *Lucky Strike* a contratou diversos actores para promocionar os seus elaborados.



Humphrey Bogart. Cartel de "Instinto básico 2".



Ofume empregouse sempre no cine como linguaxe codificada

E se os cigarros eran o tabaco da xente común, os xarutos sempre ficaron asociados á dimensión do poder. E ningúen coma Groucho Marx (sen fumar as máis das veces) para acusado (Tyrone Power) tiña lume para prenderelle o xaruto. Iso se tratamos de actores, de personaxes

de ganso (1933), cando presenta armas co seu halbano formando a continuación da tropa que lle rende honores coma primeiro ministro de Freedonia. Ou a aceptación que dun caso de asasinato fixo Charles Laughton en *Testemuña de cargo* (Willy Wilder, 1957) porque o acusado (Tyrone Power) tiña lume para prenderelle o xaruto. Iso se tratamos de actores, de personaxes

masculinos.

Se pasamos aos femeños, a presenza de cigarros nos labios dunha muller, polo menos ata os anos 60, constituía un símbolo de sensualidade. Desde Marlene Dietrich en *Orient Express* (1932), pasando por Lauren Bacall en *Ter ou non tener* (1944) ata chegar a Rita Hayworth en *Gilda* (1946), con vestido negro e escote “palabra de honor”, luvas longas e fumando. E tamén en Asia, coa escena de Qui Shu en *Tempos de amor, mocidade e libertade* (Hoo u Hsian-Hsien, 2005). Ou a máxima expresión da elegancia levada ao cine con Audrey Hepburn en *Breakfast at Tiffany's* (1961), parodiada pola *Pantera Rosa* (Blake Edwards, 1963) nos créditos de presentación. E no lado oposto, o tabaco debuxa a perversión feminina, como sucede con Sharon Stone en *Instinto básico* ou con Cruella De Ville en *101 dálmatas*. Sen esquecer, entre nós, o mito de Sara Montiel cando cantaba o tango “Fumando espero” en *El último cuplé* (Juan de Orduña, 1957).

Nos mozos o tabaco representou a rebeldía, desde James Dean en *Rebelde sen causa* (Nicholas Ray, 1955). Unha maneira de empregar o fume na pantalla coma sempre se empregou: coma linguaxe codificada. E no cine o fume foi empregado para revelar e non para ocultar, como atopamos con contraste do fume do pito que fuma Dustin Hoffman en *Lenny* (Bob Fosse, 1974). Unha definición de atmosferas no cine en branco e negro e que se perdeu coa imposición da cor: aquelas que deseñaban actores como Jean Gabin e os seus *gitanes*. Ou, sen fume, aquela pipa que Jacques Tati incorporou ao seu *Monsieur Hulot*, substituída por un molinete nun anuncio da Cinemateca Francesa no metro de París en aplicación da corrección política imposta pola RATP. Ou cando a Audrey Tatou lle eliminaron o cigarro dos anuncios da súa *Coco Chanel*.



Rita Hayworth, en "Gilda" (1946).

O pracer de fumar

Cigarros, xarutos e celuloide

JOAQUIM VENTURA

Se as sociedades reflexionaron verbo dos efectos nocivos do tabaco, o cine non podía ser aléu a isto. Cando as autoridades sanitarias, non sen obstáculos, conseguiron neutralizar a poderosa influencia das empresas tabaqueiras, propuxeron campañas de concienciación. E dese debate cómpre salientar dúas películas.

The Insider (“O dilema”, entre nós), de Michael Mann (1999) está protagonizada nada máis e nada menos que por Al Pacino, Russell Crowe e Christopher Plummer. Tiñooito nominacións aos Oscar. Non se trata, pois, dunha película marxinal. A historia conta as dúbidas que ten Jeffrey Wigand, científico e director dunha tabaqueira,

cando descobre as substancias secretas que as industrias engaden ao tabaco para crear adicción nos consumidores. Un produtor de televisión tenta e consegue que Wigand faga público o seu achado. Xa nada será o mesmo.

Tobacco as Star

A segunda película que marcoul as manobras das tabaqueiras tamén está vinculada ao medio televisivo coma vía de expresión. Trátase de *Thank You for Smoking* (“Grazas por fumar”, 2005). Nesta ocasión o dilema está no rela-

cións públicas dunha tabaqueira, Nick Taylor, quen defende os derechos dos fumadores fronte á ofensiva da sanidade neopuritana. Mesmo acode a un programa de televisión. Porén, comeza a reflexionar sobre o modelo que representa para o seu fillo pequeño Joey.

Pero a maior apropiación dun produto cinematográfico por parte da industria tabaqueira foi a da banda sonora de *Os sete magníficos* (John Sturges, 1960), composta por Elmer Bernstein e empregada por Marlboro –coa imaxe do vaqueiro– para os seus anuncios. Ata o punto que os máis a identificarían coa marca de tabaco antes que co propio film